

## CAPÍTULO II. Desenvolvemento do Plan Xeral

### Art. 8. Órganos actuantes

O desenvolvemento do Plan Xeral corresponderá ó Concello e demais Administracións Urbanísticas no ámbito das súas respectivas competencias, sen prexuízo da participación da iniciativa privada e dos particulares establecida na LSG, na LRV e na presente Normativa.

Corresponderá ó Concello, ás demais administracións públicas e empresas concesionarias, no ámbito das súas respectivas competencias e de acordo as súas atribucións, o desenvolvemento das infraestruturas, servicios e equipamentos.

### Art. 9. Planeamento subordinado

1. Para o desenvolvemento do presente Plan formularanse conforme ó previsto na Lei e nestas Normas, Plans Parciais e Especiais e Estudos de Detalle.
2. Os límites destes desenvolvementos serán os definidos nos Planos de Ordenación sen prexuízo do disposto no art. 50.3) e 4) LSG, establecéndose que para a súa delimitación desagregada, a súa identificación ou calquera acto de procedemento, reproduciranse en escala adecuada e polo menos en escala 1/1.000.
3. Cando en solo urbano resulte necesario completar ou adaptar determinacións dos plans en casos de imprecisión ou se suscite a necesidade de produci-lo sinalamento ou reaxuste de aliñacións e rasantes ou a ordenación ou reordenación dos volumes, de acordo sempre coas especificacións do Plan Xeral, redactaranse e tramitaranse Estudos de Detalle co alcance previsto no art. 30 LSG e concordantes do RP.

Coa mesma finalidade e limitacións poderán formularse Estudos de Detalle para o desenvolvemento de Plans Parciais.

4. En desenvolvemento das previsións contidas no Plan Xeral, poderán formularse, sen necesidade de previa aprobación do Plan Parcial, Plans Especiais coas finalidades previstas no art. 26.2. LSG.

### Art. 10. Desenvolvemento obrigatorio

1. Desenvolveranse obrigatoriamente mediante Plans Parciais os sectores delimitados en Solo Urbanizable PP-1-R O Bertón, PP-2-R Santa Mariña, PP-3-R Ponte das Cabras Norte, PP-4-R O Boial.
2. Desenvolveranse obrigatoriamente mediante Plans Especiais os seguintes ámbitos:  
  
PE-1-R a PE-4-R de protección e rehabilitación de conxuntos urbanos de interese cultural.  
  
PE-5-R a PE-8-R de protección de espazos naturais.  
  
PE-9-R de PE-12-R de acondicionamento e/ou ordenación de sistemas xerais de espazos libres e dotacións recreativas.  
  
PERI-1-R a PERI-4-R de reforma interior.
3. Así mesmo desenvolveranse obrigatoriamente os plans especiais de mellora dos núcleos rurais que presenten unha situación de complexidade urbanística segundo os indicadores establecidos nestas Normas.
4. A formalización de Estudos de Detalle será obrigatoria para o desenvolvemento das Ordenacións Singulares reguladas no art. 139 destas Normas.
5. Formularanse así mesmo Estudos de Detalle con carácter obrigatorio para concretar e reaxusta-las determinacións contidas nos Planos de Ordenación para todos aqueles polígonos non delimitados precisamente polo Plan Xeral.

6. Os sistemas xerais desenvolveranse mediante Plans Especiais, salvo que se atopen incorporados a ámbitos de plans parciais ou resulten ordenados pormenorizadamente polo Plan Xeral. En concreto o sistema xeral ferroviario desenvolverase no ámbito definido como PE-13-R en planos de ordenación. De igual xeito, as condicións urbanísticas do Sistema Xeral de Comunicacións Estación de Autobuses estableceranse a través do correspondente Plan Especial.

**Art. 11. Adecuación ó Plan Xeral**

1. Os Plans Parciais de Ordenación e os Plans Especiais non poderán modifica-las previsións e determinacións do Plan Xeral.
2. Os Estudos de Detalle respectarán así mesmo as determinacións do Plan Xeral non podendo introducir en contra do previsto nel, alteracións que supoñan maior aproveitamento ou diminución dos espazos públicos.